

Todos os Xoves co semanario **anosaterra** AS COMARCAS DE GAL



por só 4,90€



ANOSATERRA DIARIO

PORTADA GALIZA DEPORTES SOCIEDADE CULTURA ECONOMÍA TECNOLOXÍA ESPAÑA MUNDO RSS

PORTADA | CULTURA

ESTUDOSA DA NOSA LINGUA EN CUBA

Yanelis Velazco: 'O galego pódese defender desde calquera lugar do mundo'

Clara Sánchez. Yanelis Velazco Fajardo é profesora de Crítica Literaria na Universidade da Habana e tamén difusora do galego e da súa literatura na illa cubana. A súa tese achégase a obra do escritor Xosé Vázquez Pintor. O libro, 'Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo', que foi editado pola Universidade da Habana e a Catedral Galega, recolle o seu traballo. A autora atópase estes días en terras galegas con motivo do IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos celebrado en Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, encontro que nas súas palabras 'foi marabilloso xa que confluíron persoas de todo o mundo relacionadas coa lingua galega e que se comunicaban en galego, fose cal fose o seu idioma natal'. Ademais foi convidada como pregoeira á Feira do Libro de Melide.

31.07.2009 | 19:34

TAGS: GALEGO, CUBA, YANELIS VELAZCO,



Yanelis Velazco. DIARIO DE PONTEVEDRA

Soa moi estraño que unha persoa cubana non teña raíces galegas e máis aínda se esta se interesa polas terras galegas, polos seus escritores, pola súa literatura e polo seu idioma. De onde xorde este interese por Galiza?

Esencialmente foi durante os meus estudos na Facultade de Letras da Habana, onde agora eu son profesora. Dende hai quince anos existe unha cátedra de Lingua, Literatura e Cultura Galega que eu cursei durante os cinco anos de estudos universitarios. E logo de pasar cinco anos estudando galego, determinei que a mellor homenaxe que

podía facer a estes anos de esforzo era dedicar a miña tesina á literatura galega. É pois, na Universidade e a partir dela onde se produce a miña primeira achega á Galiza, a súa lingua e a súa cultura.

Como decide facer unha tese sobre Vázquez Pintor?

Eu tiña claro que quería que a miña tese se orientase cara á literatura galega e que non quería afondar nun autor canónico, xa que xa existían numerosas investigacións arredor destes personaxes... Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro... Quería facelo dun autor contemporáneo, e comecei a ler libros da cada vez máis ampla biblioteca da universidade, xa que recibimos numerosas doazóns. E lendo cadernos de concursos literarios entrei por primeira vez en contacto coa poesía de Vázquez Pintor. Poesía que me engaiolou, motivo polo que decidín dedicar a miña tese ao autor. Púxenme en contacto con el, e até o de agora. Agora, como profesora da Universidade da Habana sigo estreitamente ligada a esta cátedra. Temos numerosos proxectos de investigación e unha editorial, Camiño sobre o Charco, coa cal imos publicar agora un novo poemario de María do Cebreiro, titulado *Mapa Mudo*, escrito cando a autora galega estivo nas terras cubanas. Tamén sigo vinculada á obra de Pintor. Polo que a miña relación coa lingua, literatura e cultura non rematou coa fin da tese. Os lazos con Galiza seguen presentes, de feito agora fun convidada á Feira do Libro de Melide, na cal serei pregoeira, todo un orgullo. Os lazos con Galiza forman parte da miña vida, independentemente de que non existan nexos familiares. O amor que naceu en min por Galiza é enorme.

Como ven este inusual interese polo galego, por Galiza e pola literatura galega na Cuba actual?

En Cuba hai un gran movemento de diálogo con Galiza. Soamente na Facultade de Letras numerosos alumnos aprenden a falar galego cada ano, xa que son moitos os que se matriculan na cátedra galega. Tamén existe o Centro Galego da Habana, o Fondo Galego e o Instituto de Literatura e Lingüística, no que traballou Neira Vilas durante moito tempo, e outras moitas institucións. En Cuba falar de Galiza non resulta alleo. Ademais, o ano pasado Galiza formou parte fundamental da Feira do Libro da Habana e supuxo un revulsivo importantísimo para reforzar os lazos entre Galiza e Cuba. Era moi emocionante ver todos os nenos cubanos cun libro galego e bailando a muiñeira no parque. En cada casa cada cubano sabe onde está Galiza e os nexos que existen entre ambos os dous países.

Que diagnóstico faría da situación actual da lingua galega?

É un momento difícil no cal os galegos teñen que defender o lugar que ocupa a súa lingua como unha maneira fundamental tamén de defender a súa identidade. Non se pode permitir que se perda

un patrimonio tan rico e fundamental como é o galego. O patrimonio cultural está na lingua é débese conservar e considerar. Hai que defender o galego e ter en consideración esa defensa e labor a prol do idioma que se fai dende todas as partes do mundo, non só dende Cuba, e que vén demostrar que Galiza esta nunha era global e debe ter o lugar que lle pertence.

Falan máis galego os emigrantes a Gales que os emigrantes a Cuba'

A lingua é un elemento identificador de todo o pobo galego. Aínda quedan galegos en Cuba que falen a súa lingua?

Quedan pero moitos menos que noutros países de Latinoamérica. Pero hai que ter en conta a similitude do galego coa lingua do país de destino. No caso da comunidade galega de Gales todos seguen a falar un galego rural sen ningún tipo intromisión da lingua inglesa, xa que ambas son totalmente diferentes. Non embargante, no Brasil debido á proximidade do galego e do portugués, as comunidades galegas alí residentes foron mesturando a súa lingua de orixe coa lingua do país onde emigraron. No caso de Cuba, hoxe xa case no quedan galegofalantes pero si que houbo unha transmisión xeracional da cultura e dos costumes, que xa forman parte da idiosincrasia cubana. Galiza permanece en Cuba en moitos sentidos. Dende o punto de vista cultural e visceral, pero dende o lingüístico foise perdendo, aínda que agora hai novas xeracións que volven falar o galego, o cal é valiosísimo.

O certo é que ao longo da historia sempre houbo unha moi boa relación entre galegos e cubanos, e parece que co paso do tempo máis que debilitarse vai estreitándose. Como é a relación entre Cuba e Galiza hoxe?

A relación entre ambos os dous países amplíase e intensifícase. Porque eu sinto que os que nos achegamos á cultura galega regresamos a ela sempre, e regresar a Galiza e regresar a un espazo de comunión con elementos que tamén están na nosa cultura. É interesante como moitas palabras que se din en Cuba proveñen do galego. Pero non só dende un punto de vista lingüístico existe esta relación estreita entre ambas culturas senón que dende hai moitos anos as relacións entre ambos os dous países son permanentes. A nivel teatral, musical, universitario... É moi forte o vínculo que nos une. Ademais non se pode esquecer a Cuba á hora de falar da historia do galego e do galeguismo máis recente. En Cuba estreouse o himno galego, de Cuba saíron os cartos e os folgos para poñer en marcha a Real Academia Galega. Cuba é un dos destinos maioritarios da emigración galega.

Feira do libro de Melide

A autora do libro *La memoria que reconstruye un mundo* participará o Sábado 1 de Agosto na II Feira do Libro de Melide xa que será a encargada de ler o pregón.

Esta segunda edición do evento literario melidao ofrece en dous días numerosas propostas para achegarse á literatura e cultura galega actual. Para os máis cativos, o Sábado haberá una lectura de pregón a mans de Heidi Kühn-Bode, que tamén impartirá un obradoiro de teatro para todos os rapaces e rapazas que se acheguen ata alí. Ademais máis tarde poderán asistir a obra de teatro *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, da compañía de Títeres Cachirulo, Pero non todas as propostas son para os nenos, xa que ás 22:30 á compañía de teatro Volta e Dálle, representará a obra *Pan, catro propostas arredor da malla*, espectáculo para adultos.

Pola súa banda o Domingo día 2 haberá outra conferencia a mans de Santiago Jaureguizar, un obradoiro de ilustración con Marisa Irimia, un encontro co escritor e investigador Carlos Parrado, e a presentación do novo libro de Vázquez Pintor *A terra do medio*.